



SR. REXISTRADOR DA PROPIEDAD N° 3
R/ Novoa Santos, 5
15006 - A CORUÑA

Para os efectos previstos no artigo 28 do Regulamento de 23 de setembro de 1992 para a aplicación da Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común, comunícolle que este Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, en sesión celebrada o 02 de outubro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

“Reunido o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña, baixo a presidencia do Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente de A Coruña, con data 2 de outubro de 2003, procédese a estudar e resolver o seguinte expediente:

Expediente: N° 380
Monte: Castelo
Comunidade: Parroquia de Castelo
Parroquia: Castelo
Concello: Culleredo

Antecedentes de Feito:

Primeiro: Con data 24 de xuño de 2002, Don Antonio Rodriguez Reboredo na súa calidade de Presidente da Xunta Promotora de clasificación do monte Castelo presenta solicitude de clasificación como veciñal do monte denominado Castelo coas seguintes características:

Superficie: 141.15 Ha.

Lindeiros: **Parcela 1: Monte Xalo. Superficie: 138.83 Ha.**

Norte: Monte de Antonio Rodriguez, José Souto e outros veciños de Castelo, dende a Pedra Do Conde ata o lugar de Folgueira.

Leste: Monte de Juan Álvaro, José Seijo, e outros veciños de Castelo e Carral dende o lugar de Folgueira seguindo o camiño da Uceira e o rego da Uccira ata Fonte Miguel.

Sur: Terro do Concello de Cerceda dende a Fonte Miguel ata o monte veciñal da parroquia de Celas

Oeste: Monte veciñal da parroquia de Celas, monte de herdeiros de Ricardo Martinez, Juan Antonio Fariña e outros veciños de Celas e Castelo ata chegar á Pedra Do Conde.

Parcela 2. Monte Do Vilar. Superficie: 2.23 Ha.

Norte: Monte de Herdeiros de Encarnación Vázquez, Antonio Fero, e outros veciños de Castelo polo camiño do Vilar.


Leste: Monte de Antonio Rodriguez.

Sur: Monte de Herdeiros de Manuel Rodriguez, Herdeiros de Pilar Mateo e outros veciños de Castelo.

Oeste: Monte de Herdeiros de Esperanza Ponte, Herdeiros de Inocencio Martinez e outros veciños de Castelo.

Parcela 3. Monte das Cerdeiras. Superficie: 0.09 Ha.

Norte: Monte de Juan Naviera.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Delegación Provincial - A Coruña

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edif. Administrativo Servicios Múltiples
Praza Luis Seoane
15308 A CORUÑA



XACOBEO 2004
Galicia



Leste: Monte de Luisa Naviera.

Sur: Monte de Josefa Reboredo.

Oeste: Monte privado.

Xúntase a presente Resolución plano do monte e coordenadas UTM de descripción dos lindes do monte e de puntos singulares.

Segundo: Á solicitude de clasificación do monte acompañábase documentación consistente en descripción do monte coa súa superficie, relación de comuneiros, planos de situación do monte, e documentación histórica do Catastro do Marqués da Ensenada.

Terceiro: Con data 26 de xuño de 2003, o Xurado acordou iniciar expediente nomeando instructor a Dona Ana María Díaz López. Realizouse a instrucción do expediente librando mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de A Coruña, e expedindo mandamentos ó Concello de Culleredo e á Xefa do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de A Coruña, así como a preceptiva publicación de edictos no Diario Oficial de Galicia e taboleiro de anuncios do Concello de Culleredo, ós efectos de que todas as persoas interesadas no expediente realicen as manifestacións que teñan por convinte.

Cuarto: Os promotores do expediente de clasificación do monte fundamentan a súa pretensión en que dende tempo immemorial veñen poseendo e disfrutando o monte, como se acredita coa documentación histórica do Catastro do Marqués da Ensenada que fai referencia a que parte do monte denominado "Xalo" pertencía, ou alomenos, era utilizado polos veciños da parroquia de Santiago de Castelo.

Quinto: Con data 29 de xaneiro de 2003 tivo entrada nesta Administración certificación expedida pola Secretaria do Concello de Culleredo na que se fai constar que no Inventario de Bens Municipais figura incorporado un terreo denominado "Monte Xalo" na parroquia de Castelo inscrito no Rexistro da Propiedade de A Coruña.

Faise constar na citada certificación que o acordo de incorporación ó Inventario é de data 27 de xullo de 1953, e que con data 15 de novembro de 1985, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña clasificou como veciñal en man común o monte denominado "Xalo" pertencente ós veciños da parroquia de Celas do Concello de Culleredo.

Sexto: O Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de medio Ambiente de A Coruña manifesta no informe incorporado ó expediente con data 29 de setembro de 2003 que o monte que se pretende calificar como veciñal en man común é parte do monte Xalo, do que unha parte foi clasificado como veciñal en man común. No informe técnico do Distrito Forestal II ponse de manifesto que, en canto, ós aproveitamentos do monte, hai que sinalar que é de supoñer que tivo aproveitamentos en épocas pasadas de tipo tradicional, tales como extracción de toxo para cama de gando, produtos para alimentación do gando, leñas para a combustión...

Séptimo: Con data 2 de outubro de 2003, o xurado concedeu Trámite de Audiencia tanto ós promotores da clasificación do monte como ó Concello de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial - A Coruña

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edif. Administrativo Servicios Múltiplos
Praza Luis Seoane
15008 A CORUÑA



XACOBEO 2004
Galicia



Culleredo. Pola súa banda os promotores manifestaron ante este Xurado que dende sempre viñeron poseendo o monte de xeito pacífico sen que o Concello se opuxera a tal posesión e disfrute. Os promotores manifestaron neste acto que non incluíron na súa solicitude de clasificación do monte parte dun enclave denominado "Chousón" que figura nos planos aportados por ser de propiedade privada, e polo que respecta á outra parte do monte do que tampouco se solicitou a súa clasificación, argumentan que desexan incluíla neste acto, posto que entenden que forma parte do monte Castelo e que o feito de que non se incluíra na solicitude inicial motivouse porque lles foi moi difícil identificala no terreo pola dificultade do seu acceso.

Por contra, o Secretario do Concello de Culleredo, manifestou que o monte figura no Inventario de Béns Municipais e que se realizaron aproveitamentos forestais por parte do Concello, manifestando que aportaría proba documental nun momento posterior si se lle permitía, que foi aceptado polo Xurado. Na mesma data achégase ó Xurado certificación do Concello na que se reflexa que o citado monte figura incluído no Inventario de Béns Municipais do Concello de Culleredo.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente segundo o disposto nos artigos 9 e 10 nda Lei 13/ 1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo: O expediente tramitouse segundo o preceptuado na Lei 13/ 1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e ó seu Regulamento aprobado polo Decreto 260/ 1992, do 4 de setembro.

Terceiro: Para que un monte se poida calificar como veciñal en man común segundo o que dispón a Lei 13/ 1989, do 10 de outubro, debe de reunir as seguintes características: 1) Que pertenza a unha agrupación de veciños na súa calidade de grupo social e non como entidade administrativa. 2) Que se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuñeiros. 3) Que os veciños comuñeiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte.

Cuarto: En virtude do exposto hai que empenzar por analizar si se está cumprir a primeira premisa sinalada na lei, de que o monte que se pretende clasificar pertence á comunidade solicitante, e neste sentido hai que ter en conta que á vista da documentación aportada polos promoventes pode considerarse acreditada a citada circunstancia. Poñer de manifesto que o feito de que o monte figurase no Inventario de Béns Municipais non debe de ser un obstáculo para a clasificación do monte como veciñal en man común tal como sinala tanto a Lei 13/ 1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común como o seu Regulamento aprobado polo Decreto 260/ 1992, do 4 de setembro.

En canto á segunda circunstancia que debe de reunir un monte para ser declarado como veciñal en man común que é o do seu aproveitamento consuetudinario, hai que



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Delegación Provincial - A Coruña

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edif. Administrativo Servicios Múltiplos
Praza Luis Seoane
15008 A CORUÑA



XACOBEO 2004
Galicia



facer constar que á vista dos informes técnicos emitidos pódese concluir que o citado monte viña sendo aproveitado polos veciños.


Por outra banda é de terse en conta á hora de clasificar como veciñal este monte, o feito de que procede dun monte denominado "Xalo", parte do cal foi clasificado como veciñal en man común polo propio Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña con data 15 de novembro de 1985, polo que ó considerarse o monte "Xalo" como unha unidade forestal debe de manterse o criterio de que si se calificou como veciñal parte do monte debe de clasificarse como veciñal a parte restante en tanto que teñen as mesmas características.

Por todo o exposto, este xurado por unanimidade dos asistentes, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e da proposta do instructor, e atendendo a que se están a cumprir as premisas sinaladas pola Lei para que un monte se poida calificar como veciñal en man común **ACORDA:**


Calificar como veciñal en man común o monte denominado Castelo, da superficie e lindes referenciados na presente resolución e dos que se xuntan as súas coordenadas.

Contra esta resolución poderáse interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o Xurado ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, contandos dende o día seguinte ó da recepción da presente comunicación, segundo o disposto na Lei 30/ 1992, do 26 de novembro, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/ 1999, do 13 de xaneiro".

A Coruña, 16 de febreiro de 2005
A PRESIDENTA DO XURADO



Asdo. Ana María Díaz López.



SR. REXISTRADOR DA PROPIEDAD Nº 3
 R/ Novoa Santos, 5
 15006 - A CORUÑA

Ao obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 28 do Regulamento de 23 de setembro de 1992 para a aplicación da Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común, comunícolle que este Xurado Provincial, en sesión celebrada o 15.07.04, adoptou a seguinte resolución:

"Reunido o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia da Delegada Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Coruña, con data 15 de xullo de 2004, procédese a estudar e resolve-lo recurso de reposición interposto por Don Julio Aradas Boga, presidente da Xunta rectora do MVMC de Castelo, contra a Resolución deste Xurado de calificación como vecinal de data 2 de outubro de 2003.

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro: Con data 2 de outubro de 2003 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña resolveu calificar como vecinal o monte denominado Castelo, coas seguintes características:

. Parcela 1: Monte Xalo	Superficie: 138,83 Ha
. Parcela 2: Monte do Vilar	Superficie: 2,23 Ha
. Parcela 3: Monte das Cerdeiras	Superficie: 0,09 Ha
TOTAL MONTE CASTELO	Superficie: 141,15 Ha

Segundo: Con data 12 de maio de 2004, Don Julio Aradas Boga presenta recurso de reposición contra a Resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, no que solicita se rectifique o linde do monte ó norte da parcela 1 - Monte Xalo, requirindo o deslinde oficial dende o piquete nº 305 ata o piquete 314, incluíndo a superficie resultante de 2,70 Ha pertencente ó citado monte. Achega a este recurso plano no que se reflexa a modificación e superficie solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:



Primeiro: O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste recurso segundo o disposto nos artigos 9 e seguintes da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo: Á vista do alegado polo recurrente, da documentación achegada e do informe técnico emitido polo Xefe de Área de M.V.M.C., cabe estima-lo recurso de reposición presentado.

Por todo o exposto, este Xurado por unanimidade, **ACORDA:**

Estima-lo recurso de reposición, modificando o perímetro e superficie do monte vecinal de Castelo segundo documentación gráfica e coordenadas que se xunta á presente resolución, quedando finalmente coa seguinte superficie:


. Parcela 1: Monte Xalo	Superficie: 141,53 Ha
. Parcela 2: Monte do Vilar	Superficie: 2,23 Ha
. Parcela 3: Monte das Cerdeiras	Superficie: 0,09 Ha
TOTAL MONTE CASTELO	Superficie: 143,85 Ha.


Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados dende o día seguinte ó da recepción da presente comunicación, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. "

Por tal motivo solicito dese Rexistro da Propiedade que proceda á práctica das oportunas anotacións preventivas da clasificación como vecinal en man común do monte das características que se expresan na presente resolución.

A Coruña, 16 de febreiro de 2005
 A Presidenta do Xurado

Asdo.- Ana M^a Díaz López







Superficie do Monte COMUNAL DE CASTELO:

- Monte do Xalo 138Ha 83ca 27ca
- Parte a incluir 2Ha 70ca
- Monte Xalo (total).....141Ha 53ca 27ca
- Monte do Vilor 2Ha 23ca 58ca
- Monte das Cerdeiras 9ca 14ca

SUPERFICIE TOTAL143Ha 85ca 99ca

-  ENCLAVADO "O Chousór"..... 6Ha 04ca 81ca
-  DESLINDE O.M. 07/02/74

COMUNIDAD MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN DE CASTELO (CULLEREDO)	
PLANO FINAL	E = 1:10.000